



Caricatura de Rosalía por Maside (1952?) na web da Fundación Rosalía

A Agrupación Cultural O Galo súmase á celebración do Día de Rosalía

Cun roteiro guiado pola profesora de lingua e literatura Mercedes Espiño que terá saída na Praza de Vigo o sábado 23 de febreiro ás 17.00, a nosa asociación quere sumarse á celebración do Día de Rosalía que a este ano ten unha relevancia moi especial por se cumpriren 150 anos da publicación de "Cantares Gallegos", o primeiro libro completamente en galego que supuxo o renacemento da nosa literatura culta.

Neste roteiro coñeceremos os lugares de Santiago de Compostela que tiveron especial relevancia na vida de Rosalía de Castro: onde naceu, viviu, escribiu e loitou. Será un roteiro através de unha ducia de puntos da cidade, nos que adicaremos uns momentos a explicar a súa relación con Rosalía

ou coa súa obra e aproveitaremos para realizar a lectura de algún poema.

Ademáis do roteiro, centos de actividades

Tamén queremos animarache a participar dos actos convocados por diversas asociacións.

O mesmo sábado 23 ás 19.00, organizado pola [AELG](#), terá lugar na Librería Couceiro unha lectura de poemas xunto cun manifesto que trata de chamar a atención sobre o valor da obra rosaliana e o seu esquecemento.

Xa o domingo 24, que é propiamente o Día de Rosalía, haberá as seguintes actividades:

De 10.00 a 12.00 celebrarase a [Alborada para Rosalía](#) na que milleiros de gaiteiros de toda Galiza renderán tributo á escritora. En Compostela, celebrarase ás 10 da mañá na Praza de Vigo. Podedes atopar máis información e máis lugares na páxina de [Chamamento aos gaiteiros galegos](#) con xeolocalización de outras actividades, por se vos queda máis perto.

Recomendámosvos visitar tamén a web da [Fundación Rosalía de Castro](#), principal promotora desta marea de actividades, pois día a día se actualiza con novas propostas.

Finalmente, o domingo 24, ás 12:00, no Panteón de Galegos Ilustres, onde está enterrada Rosalía de Castro, terá lugar un [acto nacional](#) onde serán lidos poemas de Cantares gallegos, ademais da realización dunha ofrenda floral.

Regala un libro e unha flor

E por suposto, como todos os anos, queremos animarache a regales un libro e unha flor